# ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter ordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 18 de setembro de 2026, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO**, **D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUISASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ**, **D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D.ª ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ** en substitución de D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ**, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D**. **GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA,** coa seguinte orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do 4 de setembro de 2026.

**2.- DAR CONTA DA ORGANIZACIÓN DA XI XORNADA DE ONOMÁSTICA GALEGA: ECOLOXÍA E ONOMÁSTICA, EN COLABORACIÓN CO SEMINARIO DE ONOMÁSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA, QUE TERÁ LUGAR O 10 DE OUTUBRO NO MUSEO DE PONTEVEDRA (Expte. 2026067797)**

O presidente dá conta da organización, por parte do Museo de Pontevedra, da XI Xornada de Onomástica Galega "Ecoloxía e onomástica", en colaboración co Seminario de Onomástica da Real Academia Galega. Esta xornada constitúe unha iniciativa de especial interese cultural e patrimonial, ao abordar a conservación da toponimia desde unha perspectiva directamente relacionada coa transformación do territorio e coa conservación da memoria colectiva. Permitirá reflexionar sobre os riscos que afectan á microtoponimia e sobre a necesidade de documentar, protexer e transmitir os nomes tradicionais dos lugares antes de que desaparezan como consecuencia dos cambios producidos na paisaxe.

A xornada terá lugar o vindeiro 10 de outubro de 2026 e desenvolverase no Salón de Actos do Edificio Castelao, coa participación de especialistas procedentes da lingüística, xeografía, bioloxía, educación, arqueoloxía, literatura e audiovisual. Disporanse de preto de 240 prazas, con inscrición de balde a través da páxina web da RAG.

**3.- Rogos e preguntas**

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

Firmado por: BEGOÑA FERNÁNDEZ LORENZO - ***3433**
Cargo: Técnica de xestión cultural
Data: 18/09/2026 15:43



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):C8ST6NM6LQA80UYL